

PACTO ENTRE O PSdeG-PSOE E O BNG PARA A INVESTIDURA DE INÉS REY GARCÍA

MEDIDAS TRANSVERSAIS

Curto Prazo

Apertura dun proceso de investigación para determinar se as empresas concesionarias dos servizos de limpeza e recollida de lixo se inhibiron das súas responsabilidades.

Entrega, en setembro de 2023, do borrador de orzamentos de 2024.

Elaboración dun Plan Municipal de Accesibilidade.

Medio Prazo

Redacción do proxecto de lei de Área Metropolitana.

Impulso por parte do Concello da constitución do Consorcio para a xestión dos terreos portuarios e da proposta dun novo convenio.

Todo o mandato

Entrega, en setembro de cada ano, do borrador de orzamentos para o ano seguinte.

ADMINISTRACIÓN

Curto prazo

Recuperación da atención presencial en todos os servizos.

PARTICIPACIÓN

Curto prazo

Mantemento da participación da oposición na Xunta de Goberno Local e noutros órganos.

Creación do Consello Económico e Social.

Posta en marcha do Consello Municipal da Cultura.

Todo o mandato

Convocatoria, con periodicidade semestral, dos Consellos de Deportes, de Inclusión Social e de Saúde así como dos seus grupos de traballo.

URBANISMO

Curto Prazo

Cumprimento do Protocolo de Boas Prácticas Urbanísticas.

Impulso do Parque Cidade.

Medio Prazo

Inicio da reforma do PXOM: As Percebeiras, Parque da Agra, Canteira de Durmideiras.

Plataforma telemática licenzas.

Creación dun servizo de atención á Rehabilitación.

MOBILIDADE

Curto Prazo

Revisión do mapa de liñas.

Estudio da ampliación de horarios e intensificación das frecuencias.

Ordenación das terrazas.

Medio Prazo

Estudo da xestión directa do servizo de transporte público urbano.

VIVENDA

Curto prazo

Ampliación da bolsa de vivendas.

Creación do servizo de asesoramento de inquilinos.

Estudo do parque inmobiliario da cidade.

MEDIO AMBIENTE

Curto prazo

Adopción de todas as medidas necesarias diante do Ministerio de Transición Ecolóxica para defender un modelo viable de separación húmido-seco das fraccións do lixo.

Crear un grupo de traballo co Consorcio das Mariñas para informar dos pregos que rexerán a concesión de tratamento do lixo, o cal inclúe o acordo sobre o anteproxecto da planta, o modelo de separación dos residuos e o financiamento do servizo.

Incorporación ao anteproxecto as medidas precisas para a redución do rechazo, para cumprir cos obxectivos europeos de tratamento dos residuos.

ECONOMÍA, COMERCIO LOCAL E MERCADOS

Curto prazo

Estudar a posibilidade de crear unha Taxa Amazon para os grandes distribuidores.

Medio Prazo

Bolsa de baixos en alugueiro.

Todo o mandato

Campañas de consumo no comercio local.

SERVIZOS SOCIAIS

Curto prazo

Comezo da redacción do Plan de Inclusión Social.

Comezo da redacción do Plan de Saúde Mental.

Todo o mandato

Medidas de loita contra o aumento da drogadicción.

Implementación do Plan de Inclusión Social.

Implementación do Plan de Saúde Mental.

DEPORTES

Elaboración dun Plan Director das Instalacións Deportivas Municipais.

CULTURA

Curto prazo

Desenvolvemento do Consello Municipal de Cultura.

Convocatoria da comisión que analice o proceso de internalización das bibliotecas.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Curto prazo

Elaboración do Plan de Normalización Lingüística recollido no artigo 23 da Ordenanza municipal reguladora de uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Todo o mandato

Dotación do servizo de persoal suficiente e capacidade organizativa e orzamentaria.

Cumprimento e desenvolvemento da Ordenanza reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.

MEMORIA DEMOCRÁTICA

Curto prazo

Presentación da demanda da Casa Cornide.

Inicio dos procedementos de retirada de honras e distincións (incluídas rúas/bustos) a persoas involucradas no Golpe de Estado de 1936, na represión franquista e na Ditadura.

EXIXENCIA A OUTRAS ADMINISTRACIÓN

Reclamación de políticas concretas para o aumento do parque público de vivenda na cidade da Coruña.

Exixencia á Xunta de Galicia da Declaración do mercado da Coruña como mercado tensionado para poñer en marcha medidas contempladas na Lei de vivenda.

Exixencia e liderado para a creación da Autoridade Única de Transportes da área da Coruña.

Inicio dunha nova negociación sobre o antigo cárcere da Coruña.

Demanda da condonación da débeda do Porto da Coruña.

Solicitud ao Goberno Central da devolución ou a cesión ao Concello dos terreos e instalacións da súa titularidade actualmente en desuso ou infrautilizados.

MEDIDAS DE CONTROL

Información sobre os asuntos de Pleno a semana anterior ás comisións informativas.

Reunións cuatrimestrais sobre os avances no cumprimento do acordo de investidura.

CALENDARIZACIÓN

Curto prazo: primeiros seis meses de mandato (para o inicio ou para a execución completa do asunto)

Medio prazo: dous primeiros anos de mandato.

A Coruña, 15 de xuño de 2023

PSdeG-PSOE

José Manuel Lage

BNG

Avia Veira